



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 28 DE NOVEMBRO DE 2024

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

JESUS ROMERO CARRACELAS
LUCIA PICOS ANEIROS
ISMAEL DURAN BEREIJO
XULIO CRIBEIRO GARCIA
OLGA IGLESIAS BEREIJO
HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA
XOSE ANTON ARRIIBE RODRIGUEZ
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
NOEL LOPEZ LOPEZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

AUSENTES:

Excusan a súa asistencia os Concelleiros:
CARMELA PRIETO CAL
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:01 horas do día 28 de novembro de 2024, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 26.09.2024 E DO EXTRAORDINARIO DE DATA 12.09.2024

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións de datas 26.09.2024 e 12.09.2024.



A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da actas do plenos anteriores, correspondentes ao ordinario de data 26.09.2024 e ao extraordinario de data 12.09.2024, resultando aprobadas por unanimidade dos concelleiros presentes.

2. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS REX 02/2024. EXPTE 2024/G006/000359

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 25 de novembro de 2024, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 19.11.2024, que dí:

“**Expediente nº:** 2024/G006/000359

Asunto: Recoñecemento extraxudicial de créditos REX 02/2024

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente nº 2024/G006/000359 correspondente ao recoñecemento extraxudicial de créditos número 2/2024, relativo a gastos procedentes de exercicios anteriores, correspondentes a servizos prestados a este concello, por un importe bruto de 4.207,50 €.

Considerando o disposto no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, que establece a posibilidade do recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, atribuíndo ao Pleno da Corporación tal recoñecemento, sempre que non exista dotación orzamentaria.

Considerando o disposto na base 13ª das Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2024:

“(…) Corresponde ao Pleno da Corporación a asunción de gastos procedentes de exercicios anteriores mediante o recoñecemento extraxudicial de créditos, agás as dos contratados previamente e con créditos comprometidos no exercicio correspondente. (...)”

Resultando que con data de 18 de novembro de 2024, emitíuse Informe de Intervención de fiscalización, relativo á relación de facturas para recoñecemento extraxudicial REX 02/2024 para a súa aprobación polo Pleno do Concello.

As devanditas facturas foron informadas desfavorablemente pola Intervención, mediante informe de reparo suspensivo por no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

O reparo de Intervención basease fundamentalmente en que a indicada prestación non é susceptible de tramitación como contrato menor pola súa propia natureza, que non se corresponde coa de prestacións puntuais, senón de carácter estrutural e de tracto sucesivo.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, a situación de recursos e medios do concello impide que se regularicen todas estas prestacións sen afectar á boa marcha do concello e á satisfacción dos intereses municipais e prestación de servizos.



Hai que ter en conta que se trata de prestacións que se veñen realizando deste xeito en atención aos recursos persoais e de medios materiais de que dispón o concello, como se acaba de apuntar, e buscando a procura da satisfacción dos intereses municipais dun xeito fácil e rápido, acudindo ás disponibilidades máis axeitadas por inmediatez e eficacia.

Tendo en conta os artigos 184 a 186 do TRLHL, e o establecido no artigo 217 para a resolución dos informes de reparo.

Resultando que o órgano competente para o levantamento do reparo e a aprobación do presente expediente é o Pleno da Corporación, de conformidade co establecido artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Levantar a nota de reparo suspensiva de Intervención, de data 18 de novembro de 2024, emitida de conformidade co artigo 215 e 216 a) e c), do TRLHL e 12 do Real decreto 424/2017 de 28 de abril, de réxime xurídico, por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

SEGUNDO.- Aprobar, comprometer o gasto e recoñecer extraxudicialmente a obriga que se deriva da factura incluída no REX 02/2024, por importe total de CATRO MIL DOUSCENTOS SETE EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS DE EURO (4.207,50 €), con cargo á aplicación orzamentaria 338.22799 do orzamento 2024, a favor do terceiro e polo concepto e importe que se detalla a continuación:

Nº REX	Nº FRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2024/2727	140	31/12/2023	B27357391	GESTION SERVICIOS S.L.U	CAMPAMENTO CONCILIA NADAL	SE	338	22799	4.207,50 €
								TOTAL	4.207,50 €

TERCEIRO.- Ordear o pago por parte da Tesourería municipal con cargo á aplicación orzamentaria que se sinala na relación anterior.

CUARTO.- Dar traslado aos servicios municipais de Intervención e Tesourería, así como ao de Contratación.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdeG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Nós, como ben vimos vendo por parte desta Corporación que é unha práctica habitual este tipo de levantamento de reparos, consideramos que un informe de Intervención que foi informado moi desfavorablemente, con reparo a ditas facturas, nós imos votar en contra deste novo levantamento de reparo.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Nós, como sabemos que foron necesarios facer eses reparos porque se precisaban os cartos naquel momento para facer o que había que facer, imos a votar a favor, evidentemente.

O Sr. Alcalde di: Vale. Ben, vou explicar un pouquiño o procedemento disto; efectivamente non son varias facturas, é unha factura sola. É unha factura duns traballos que se fixeron no ano 2023 e que foi presentada, a factura, no ano 2024, co cal ten que ir a cargo da aprobación do Pleno a través dun



procedemento extraxudicial de créditos. É dicir, ter dúas facturas, perdón, dous REX ao longo dun ano eu creo que tamén di o bo camiño que están a seguir en contratación. Tal como di tamén o informe, está claro que a Lei tamén cambiou, agora os contratos, bueno, os procedementos, teñen que ser diferentes, non pode haber unha sucesión de contratos dun ano para outro. Estase traballando xa para que este campamento e o campamento de verán se vaian facer conxuntamente cun 2 máis 2, cun período de 2 máis 2, así como os outros contratos que poden ter uns reparos suspensivos, precisamente por todo isto. O que fai 4 anos era un procedemento normal, pois agora pasa por Intervención, que entendemos todos perfectamente que cada día se fiscalice moito máis, pero tamén hai que ter en conta que os municipios pequenos, como é o Concello de Cedeira, non temos a capacidade de facer todo isto tan rápido. Houbo outros contratos, como por exemplo o contrato da luz, que se sacou cando antigamente non había ningunha licitación, contratábase directamente coa empresa.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e tres (3) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. ADHESIÓN DO CONCELLO DE CEDEIRA AO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE. EXPTE 2024/A006/000018

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 25 de novembro de 2024, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 20.11.2024, que dí:

“Vistos os estatutos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade que constan no expediente TEdC número 2024/A006/000018.

Á vista de que a Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior y e da cooperación para o desenrolo de Galicia dispón no seu artigo 98:

“1. Las entidades locales podrán desarrollar actuaciones de cooperación para el desarrollo, como proyección exterior del ejercicio de sus competencias, promoviendo la coordinación y complementariedad entre las administraciones públicas y aportando un valor añadido, especialmente en aquellos ámbitos en los que el municipalismo gallego cuenta con experiencia y capacidades diferenciadas, como la protección de derechos sociales básicos, servicios sociales, urbanismo y ordenación del territorio, gestión pública de los recursos hídricos, gestión medioambiental, igualdad de género, educación para la ciudadanía global o cualquier otro en el marco de sus competencias.

2. Las entidades locales y las entidades y organizaciones en las que se integren o que las representen, como la Federación Gallega de Municipios y Provincias (Fegamp) y el Fondo Gallego de Cooperación y Solidaridad, se constituyen en interlocutores permanentes de la Administración autonómica en materia de cooperación para el desarrollo.”

Así mesmo, na dita Lei, no seu artigo 96, constan como axentes de cooperación para o desenrolo, recoñecidos como interlocutores das administracións públicas galegas nesta materia, entre outros, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Visto que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, no seu art. 25.2, establece as materias nas que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, figurando no dito listado, entre outras, a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.



En virtude do exposto, mediante Providencia da Alcaldía de data 13.11.2024 incoase expediente para a adhesión do Concello de Cedeira ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Visto o informe de Secretaría de data 19 de novembro de 2024 e o informe de Intervención da mesma data.

Resultando que corresponde ó Pleno do Concello a competencia para a adopción do acordo de adhesión e aceptación dos estatutos, de conformidade co previsto nos artigos 22.2.b) e 47.2.g) da LBRL, requiríndose o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

En base ó anterior, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, proponho ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a ADHESIÓN DO CONCELLO DE CEDEIRA AO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, así como a aceptación dos seus estatutos

SEGUNDO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida, como achega anual ao Fondo Galego, segundo o sistema de cotas aprobada pola Asemblea xeral de entidades socias.

TERCEIRO.- Expresar a vontade de incrementar as responsabilidades económicas deste Concello/Deputación para aproximarse ao 0,7% do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde-Presidente para que designe un/ha representante político/a e un/ha técnico/a do Concello perante o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

QUINTO.- Remitir certificado do presente acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Arribe Rodríguez di: Bueno, está moi ben explicado aí. Nosoutros estamos a favor.

O Sr. Alcalde di: O noso grupo tamén esta a favor da proposta.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade do seus membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4. MOCIÓN PARA SOLICITAR DA XUNTA DE GALIZA A MODIFICACIÓN DO CANON EÓLICO E DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 25 de novembro de 2024, que di:

“Vista a moción presentada polo voceiro do grupo municipal do BNG en data 02.10.2024, que dí:



“Don Xosé Antón Arribe Rodríguez Portavoz do Grupo Municipal do BNG no concello de Cedeira, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate no Pleno da corporación municipal a seguinte **MOCIÓN**:

A Xunta de Galiza impulsou no ano 2009 a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean tanto o canon eólico como o Fondo de Compensación Ambiental e foi modificada unilateralmente e sen diálogo sectorial ou social dez veces, a maioría a través do subterfuxio da Lei de acompañamento dos orzamentos.

Esta Lei introducía un novo mecanismo para teoricamente repercutir parte da riqueza da actividade eólica na sociedade galega, compensando o seu impacto ambiental. Canto máis tempo pasa, é máis evidente a eiva de concepción e funcionamento do canon eólico, tanto pola súa formulación inicial como polo uso que o goberno da Xunta fai del á hora de repartir o recadado. Unha recadación, por certo, que nunca chegou a acadar as expectativas previstas e que vai perdendo peso ano a ano.

O canon eólico arbitrado pola Xunta de Galiza grava o número de aeroxeradores establecendo un tramo exento e tres tramos con pagamentos unitarios crecentes segundo se incrementa o número de aeroxeradores. Dito imposto fornece, excluídos os gastos de xestión, o denominado Fondo de Compensación Ambiental, que se reparte por dúas vías. Unha, para os municipios directamente afectados polas instalacións dos aeroxeradores e as súas poligonais e infraestruturas, outra, para a totalidade dos concellos galegos, por vía competitiva. A Lei direcciona as actuacións financiábeis para aquelas “comprendidas en aplicacións orzamentarias que teñan entre as súas finalidades a protección do medio e do contorno natural, a súa conservación, reposición e restauración, así como o fomento da investigación dirixida á mellora na eficiencia do aproveitamento dos recursos das enerxías renovables”. Anualmente a Xunta emite unha orde mediante a cal regula os criterios de repartición e establece as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental en réxime de concorrencia non competitiva e concorrencia competitiva, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. A contía aproximada adoita rondar os 11 millóns de euros, a metade aproximadamente do recadado polo canon eólico. Este sistema de reparto, crea distorsións dentro dos concellos que contan no seu territorio con instalacións eólicas, chegando a percibir menos do 30% do recadado por este sistema dentro do seu territorio.

Outra das eivas detectadas ten que ver co destino dos fondos. Despois de case quince anos de vixencia do Fondo de Compensación Ambiental, hai concellos que non atopan destino para inverter a partida que lles corresponde.

Entre os moitos problemas deste modelo cabe sinalar a previsión de progresiva redución na recadación por mor das transformacións no sector, que grazas ao desenvolvemento tecnolóxico conta con aeroxeradores con cada vez máis potencia e que levan a que polo tanto moitos parques teñan un número menor dos que se precisarían anteriormente para xerar ese volume. Así mesmo, o avance nas repotenciacións leva tamén a unha progresiva redución de aeroxeradores nos parques máis antigos e, polo tanto, á redución na recadación. Polo tanto, é evidente que esta non é a forma máis adecuada de retornar á sociedade unha compensación polo impacto xerado, pois é decrecente nun contexto no que, paradoxalmente, está a aumentar.

Polo tanto é necesario que o goberno galego faga unha profunda avaliación da situación e dialogue cos axentes afectados para introducir mudanzas na estrutura de recadación e reparto do canon eólico e do fondo de compensación ambiental.



Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG propón ao conxunto da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Solicitar á Xunta de Galiza:

a) A apertura dun proceso de modificación do actual Canon Eólico e do Fondo de compensación ambiental, a través dun proceso participativo onde os concellos teñan un especial protagonismo.

b) Que o novo Canon Eólico teña en conta a evolución tecnolóxica dos aerogeradores, fixando criterios que teñan en conta a densidade enerxética dos mesmos.

c) Que o reparto entre os concellos sexa proporcional á potencia de enerxía eólica instalada en cada municipio.

d) Que se modifique a finalidade dos investimentos que permite realizar o Fondo de compensación ambiental aos concellos, establecendo criterios de sostibilidade ambiental e financeira.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdeG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita moción favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Nosoutros creemos que o argumentario, se vos parece ben, que nosoutros temos en canto a esta moción que llo pasemos á Secretaria e sexa recollida na acta correspondente a este Pleno. Son catro folios, para non ler os catro folios.

O Sr. Alcalde di: Pero léeos, temos que estar primeiro de acordo para poder incluílo.

o Sr. Cribeiro García di: Non, pero nós temos un texto alternativo a ese texto voso.

O Sr. Alcalde di: Nos tamén o temos, pero a min, persoalmente, váleme este. Eu se queres nos acordos, nas solicitudes que se fan no final, despois da exposición de motivos, se queres engadir algo, podémolo poñer aí.

O Sr. Cribeiro García lee: *“A Lei 8/2009, do 22 de decembro, de Galicia, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, creou un canon eólico cuxo feito impositivo está constituído pola xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aerogeradores afectos á produción de enerxía eléctrica e situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O canon eólico galego é unha prestación patrimonial de dereito público de natureza extrafiscal e real que grava a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio como consecuencia da instalación de parques eólicos afectos á produción de enerxía eléctrica e situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 11 da Lei 8/2009).

Isto é unha cuestión fundamental: é un gravame medioambiental. Polo tanto, non é un tributo da produción de enerxía eléctrica na que se deba ter en conta a potencia de xeración dos aerogeradores.

Esta cuestión non é menor. De feito, o canon eólico foi ratificado na sentenza do TS de 20 de febreiro de 2018, na que se recolle que:

“(…) existiendo una relevante finalidad extrafiscal de naturaleza ambiental en su ordenación, plasmada principalmente en la figura del Fondo de Compensación Medioambiental (...)”



Esta sentenza do TS baséase na sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 20 de setembro de 2017, (sobre o canon eólico de Castela e León) na que o TXUE afirmou claramente que o fomento das enerxías renovables era perfectamente compatible coa imposición de gravámenes ás infraestruturas que producían ditas enerxías, pero descartando que constituíra un imposto á produción de electricidade de orixe renovable.

É máis, indicou de xeito expreso que non debe existir ningún vinculo entre o feito impositivo do canon coa produción efectiva de electricidade e, aínda menos co consumo de electricidade producida por estes.

Polo tanto, non debería vincularse o canon eólico coa xeración de enerxía ou a potencia dos aerogeradores.

A configuración actual do canon eólico distribúe tres tramos para determinar o tipo de gravame que permite acadar a cota tributaria. Isto é:

- a) En parques eólicos que dispoñan de entre 1 y 3 aerogeradores: 0 euros por cada unidade de aerogerador.*
- b) En parques eólicos que dispoñan de entre 4 y 7 aerogeradores: 2.300 euros por cada unidade de aerogerador.*
- c) En parques eólicos que dispoñan de entre 8 y 15 aerogeradores: 4.100 euros por cada unidade de aerogerador.*
- d) En parques eólicos que dispoñan de máis de 15 aerogeradores: 5.900 euros por unidade de aerogerador.*

Dado que cada os aerogeradores son cada vez de maior tamaño, o que motiva que cada vez o número de aerogeradores sexa menor para unha mesma potencia, ao que hai que engadir as previsións de repotenciación dos parques eólicos antigos, o canon eólico xa vai ser modificado na lei de acompañamento aos orzamentos de 2025.

De feito, no proxecto de lei inicial incluíuse a seguinte previsión:

“Disposición adicional cuarta. Adaptación da normativa reguladora do canon eólico

O Consello da Xunta de Galicia presentará nun prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei un proxecto de lei ao Parlamento de Galicia de modificación da normativa reguladora do canon eólico, no que se teñan en conta as consecuencias das actuacións de repotenciación previstas nestas lei, atendendo á redución do número de aerogeradores e, en especial, ás afeccións visuais derivadas da súa altura, todo isto co obxectivo de contribuír a preservar o medio ambiente e de velar polo mantemento das necesarias actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial ás que están afectos os ingresos xerados polo canon.”

Non obstante, no trámite de emendas o Grupo Parlamentario Popular presentou unha proposta para esa nova configuración do canon eólico.

Así, co obxectivo de adecuar o canon á realidade tecnolóxica e da configuración actual dos parques, propúxose como emenda a modificación do mesmo de xeito que a base impositiva pase a ser a suma total da altura dos aerogeneradores do parque, xa que é esta a característica na implantación actual dos parques eólicos que provoca unha maior afección e impacto visual e ambiental.

Sobre dita base impositiva propónse a seguinte cota: 75€ por cada metro de aerogenerador.

Con esta previsión, o canon responde aos impactos paisaxístico dun xeito moito máis xusto.

Por outra parte, en canto á xestión do Fondo de Compensación Ambiental, esta realízase fundamentalmente desde as Consellerías de Facenda e desde a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Mediante a orde que regula cada ano o FCA, esta revirte no territorio galego, principalmente nos concellos en cuxos termos municipais se atopan dentro da liña poligonal dun parque eólico ou estean afectados polas instalacións de evacuación. Trátase, pois, dunha compensación polas cargas que estes parques producen no entorno.

Esta compensación concrétese en actuacións de conservación, reposición e restauración do medio ambiente, así como actuacións de compensación e reequilibrio ambiental.



Con carácter xeral, o FCA distribúese entre:”

O Sr. Cribeiro García di: E aquí quero facer un inciso, hai que facer como no Congreso e poñer un vasiño de auga. É unha broma.

O Sr. Alcalde di: Non, pero se queres...

O Sr. Cribeiro García di: Dígoo de broma.

O Sr. Cribeiro García continúa lendo: “*Con carácter xeral, o FCA distribúese entre:*

a) Liñas de axudas en concorrencia non competitiva para aqueles concellos cuxo territorio municipal estea dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e para aqueles polos que transitan as instalacións de conexión.

b) Liñas de axudas de natureza competitiva, destinada ao resto de concellos de Galicia.

c) E financiamento de actuacións realizadas pola Xunta de Galicia de xeito directo. Entre estas actuacións directas están:

- Traballo orientados á mellora da masa forestal e a prevención contra incendios.*
- Traballo orientados á recuperación, restauración, adecuación e limpeza dos puntos de vertido incontrolado, en especial dos que poidan afectar aos espazos naturais protexidos da Rede Natura. Así perséguese, por unha banda, reverter a degradación ambiental ocasionada polos vertidos incontrolados e, por outra, promover a correcta xestión dos residuos, mediante a súa reciclaxe e tratamento para a súa conversión nun novo recurso.*
- Traballo orientados ao financiamento da elaboración de estudos e proxectos en materia de servizos relacionados co patrimonio natural.*
- E os traballos orientados ao impulso das enerxías renovables.”*

O Sr. Cribeiro García di: Entón, a nosa postura sería a de emendar o texto orixinal coa seguinte proposta de redacción, o texto alternativo sería:

“Solicitar á Xunta de Galiza:

a) A modificación do actual Canon Eólico para que o Fondo de compensación ambiental, siga a ser un mecanismo de referencia que permita xerar beneficios nos concellos da nosa comunidade

b) Que o novo Canon Eólico teña en conta a evolución tecnolóxica dos aeroxeradores e grave o impacto paisaxístico que poden xerar os modelos máis novos

c) Que o reparto entre os concellos siga a facerse dun xeito racional e que permita un claro beneficio, especialmente para os concellos con aeroxeradores e infraestruturas de evacuación no seu territorio

d) Que os investimentos que permite realizar o Fondo de compensación ambiental sigan a ser gastos cun claro obxectivo ambiental, sen prexuízo de que sexan gastos de persoal da entidade local destinado aos servizos municipais adicados á protección do medio ambiente e do espazo natural, gastos correntes e bens e servizos, en especial, obras de mantemento ou servizos ou investimentos na materia

O Sr. Arribe Rodríguez di: Nós xa presentamos a moción, pedimos o que pedimos. En algunhas cousas coincidimos co que pide o PP porque se asemellan bastante, pero non imos a cambiar as nosas porque pensamos, coincidimos tamén en que o que é o canon eólico e o que son o número de aereoxeneradores que producen os cartos que producen, pero a cantidade que se reparte nos concellos asígnase: por número de aereoxeneradores presentes en cada Concello a razón de 1.263,60 € por aereoxenerador e 1,23 por cada metro de liña de transporte. Neste caso, co mínimo de 2.000 € en cada Concello e no caso de ter menos e 1.623 metros de liña de transporte.

Nós temos un problema serio con isto dos aereoxeneradores porque agora estanse substituíndo os que hai, que son de moi pouca potencia, por grandes aereoxeneradores. Entón, hai unha diminución case do 91% no nivel de ingresos que vai haber coa posta de novos aereoxeneradores. Por poñer un caso que



todos coñecemos o lugar, que é Narón, tiña 25 aereoxeneradores e recadaban cada ano 147.400 € pola cota anual destes aeroxeneradores. Agora, pola mesma potencia, van convertelo en 6, de 25 a 6, e van a cobrar 13.800 € e van a ter o mesmo espazo practicamente ocupado, pois son aereoxeneradores cunhas palas enormes ocupan que case 200 metros de altura e que a poligonal que se retrasa ao redor deles é moitísimo maior, incluso a condución ten que ser moitísimo máis coidadosa. Diminúe case nun 80,65%.

Nosoutros seguimos coa nosa moción e seguimos con eses puntos porque, ademais, presentamos moitas veces, o BNG presentou no Parlamento de Galiza moitas mocións con respecto a isto, sempre foron denegadas polo PP e agora nos din que a Xunta presentará dentro de 6 meses unha variación na normativa que acompañe as novas... o decreto das máquinas, e bueno, esperaremos de momento o que vai dicir.

O Sr. Alcalde di: Nós, como grupo, estamos totalmente de acordo coa exposición de motivos, coas solicitudes e voume centrar un pouquiño no que é o Concello de Cedeira. Creo que o que esta dicindo o Partido Popular vai un pouco na liña do que é a propia moción. Nós, neste caso, si que non emendaríamos a moción porque non é necesaria, porque ó final é cambiar un pouco o tema das palabras, non? Pero si que quería un pouco incidir no que pode supoñer isto para Cedeira porque realmente para nós é moi importante, como Concello, e aquí a nosa responsabilidade, de toda a Corporación, arraigada á vida e á calidade dos nosos veciños.

Dentro do que son as solicitudes á Xunta, dise no punto a): “*A apertura dun proceso de modificación do actual Canon Eólico do Fondo de compensación ambiental a través dun proceso participativo onde os concellos teñan un especial protagonismo*”. Bueno iso é normal, quero dicir, os concellos temos, ímoslle chamar a como está montado, a sorte de que temos unha mina. Uns teñen unhas minas de ouro, outros de carbón e nós temos unha mina de aire. Pois sobre esa mina de aire creo que os concellos tamén debemos de ter a nosa opinión a través da Fegamp e a través dos propios concellos para decidir un pouquiño en como queremos que sexa ese canon eólico, me parece algo moi normal, non?

No punto b) di “*Que o novo Canon Eólico teña en conta a evolución tecnolóxica dos aeroxeradores, fixando criterios que teñan en conta a densidade enerxética dos mesmos*”, igual que di no c) “*Que o reparto entre os concellos sexa proporcional á potencia de enerxía eólica instalada en cada municipio*”. Bueno, no Concello de Cedeira temos varios contratos, os cales aínda están en vigor. Son contratos de fai case 20 anos. Temos 73 aereoxeneradores o cal nos supón 88.000 € ao ano, aí si que Xulio creo que te confundiches. Na liña onde dicía no tramo entre 15 e non sei canto que se daba 5 mil e pico, eu creo que iso é o canon que lle pagan á Xunta, non é o canón que nos pagan ós concellos, non sabes? Porque senón falaríamos de que nos pagan 50.000 €. É dicir, máis ou menos son a cantidade que dixo Xosé, sobre 1.200 ou unha cousa así. E, para que nos fagamos unha idea, este contrato que vencerá proximamente, as empresas van vir aquí a repotenciar, claro. No tema de repotenciar, de 73 aereoxeneradores que nos supón 88.000 €, nos van a pasar a 6, pero eses 6 vannon dar 7 mil e pico de euros. É dicir, imos pasar de ter 88.000 €. Bueno, no ano 2015, tiñamos 96.000, ou sexa, cada ano nos baixan un pelín, pero imos pasar dunha maneira a outra. Entón, non é normal. Nosoutros temos que aproveitar os nosos recursos como outras poboacións, no seu momento, aproveitaron os seus. Temos aí o exemplo de Endesa con As Pontes ou Alcoa con San Cibrao e con Xove, que ingresaban cada ano entre 2 e 3 millóns de euros nas arcas municipais. Xa non falamos de todo isto, pero o que temos claro é que o territorio é noso, de todos, non so da xente de Cedeira, senón de todos os galegos, pero aínda que é un ben público nosoutros tamén temos o dereito de que o máximo rendemento sexa para o Concello. O que non é normal é que o 70% do canon sexa para a Xunta de Galicia e o 30% para os concellos. Paréceme que iso está, agora mesmo, fóra de todo criterio e si que hai que empezar a cobrarlles pola potencia instalada que é realmente o máis importante, non? Falamos de aereoxeneradores que temos na Capelada de 0,33 megavattios, que traballan unhas 3.000 horas ao ano, iso é brutal, quero dicir é dos parques eólicos máis rentables que hai en Galicia.



E por último, o apartado d) di “*Que se modifique a finalidade dos investimentos que permite realizar o Fondo de compensación ambiental aos concellos, establecendo criterios de sostibilidade ambiental e financeira*”. Bueno, é normal. É dicir, concellos como Cedeira que leva 20 anos -bueno, os anos que leve- co tema do Fondo de compensación, chega un momento que xa non tes actuacións que facer. É dicir, hai 4 ou 5 anos, ou 6 anos, que xa ten todo o alumeado led, estamos traballando en moitísimas cousas que teñen que ver coa finalidade e mellora dos criterios de sostibilidade, tanto ambiental como financeira. Entón, chega un momento que non tes actuacións que realizar. Non dicimos que esas actuacións que se propoñen nas emendas que quería o Partido Popular, ou as que veñen reflexadas na propia moción, estamos totalmente, moi de acordo con elas, pero tamén queremos nosoutros establecer máis cousas que non podan entrar aí. Ao final ás veces parece que temos que andar repasando no mesmo, é dicir, o que fixeches fai catro anos telo que volver a facer porque non tes onde poder meter o diñeiro. Sabendo que o Concello leva máis de dez anos utilizando o 50% destes fondos en contratar ao persoal, ao persoal que adicamos a tarefas medio ambientais que tamén sería importante incluso que se solventara todo iso. Eu creo que este é un proceso onde hai moitas partes, onde non só Enel ou calquer outra empresa, sexa Greenalia ou sexa a que sexa a que ten que gañar o diñeiro, senón que isto ten que ter un equilibrio entre todas as partes. Entre a propia natureza, por suposto, entre os concellos, entre a Xunta de Galicia e as empresas, que ao final non deixan de ser entes privados que o que van facer é ter beneficios a conta nosa e despois repercutilo na venta. Se tivéramos en vez de 73 aeroxeneradores, se tivéramos aquí 1.000 megavatios de potencia está claro que tamén Cedeira debería ter unha potencia desa destinada a mellorar ou a baixarlle o recibo a todos os veciños e veciñas do pobo. Porque pensemos que se deses megavatios que se puideran producir que hai sitios que os teñen, se veñen 4 ou 5 megavatios para o pobo significaría que igual podemos reducir o 80% do recibo da luz, hoxe en día creo que é moitísimo.

Eu vou un pouco por aí, creo que non estou en desacordo cos puntos que presentaba o Partido Popular, creo que –como dixen antes ao principio- son os mesmos que presenta, neste caso, o BNG. É un pouco rizar o rizo con algunha palabra polo medio, pero eu pola miña parte o noso partido deixaríaa como está, agradecendo a proposta que fixo o portavoz do Partido Popular, pero deixaríaa así, tal cual está. Creo que está ben recollida para todos.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Respecto ao que acabas de dicir, as propostas son moi similares.

O Sr. Alcalde di: Si. Vou dicir unha cousa, ata empezan practicamente cos mesmos nomes.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Alégrome moito de que vaiades seguindo a liña boa.

O Sr. Cribeiro García di: Cada un ten a súa iniciativa.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Si, si. Nada que dicir.

O Sr. Cribeiro García di: Creemos que son moi similares e que poderían votar a favor tamén do noso texto.

O Sr. Alcalde di: Pero é que é o mesmo.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Se é o mesmo, votade a favor.

O Sr. Alcalde di: É como se facemos en vez de solicitar á Xunta catro puntos, doce. Catro, catro, catro e que digan os doce tres veces o mesmo. É que din o mesmo. Hai que votar a emenda.

A Sra. Secretaria di: Hai que votar a emenda para determinar se se modifica o ditame e logo o ditame.



O Sr. Alcalde di: O noso voto será que non imos aceptar a emenda polo que dixen antes, pero entendo perfectamente e comprendo e estou de acordo, pero creo que tal cual ven a moción ven perfecta. Entón, votamos a aprobación da emenda.

Sometida a votación a emenda presentada polo voceiro do grupo municipal do PP, resulta o seguinte: tres (3) votos a favor, do PP, e oito (8) votos en contra, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), polo que o Pleno ACORDA: NON APROBAR a emenda ao ditame da Comisión Informativa de Plenos.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e tres (3) en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5. MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á SITUACIÓN DO IDIOMA PROPIO DA GALIZA E Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A SÚA NORMALIZACIÓN.

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 25 de novembro de 2024, que di:

“Vista a moción presentada polo voceiro do grupo municipal do BNG en data 08.11.2024, que dí:

“Don Xosé Antón Arribe Rodríguez Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Cedeira ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os recentes datos feitos públicos polo Instituto Galego de Estatística sobre coñecemento e uso do idioma galego constatan a situación crítica que está a atravesar a nosa lingua. Esta situación que podemos cualificar de *emerxencia*, é a consecuencia dunha política lingüística discriminatoria e excluínate aplicada nos últimos quince anos de goberno do Partido Popular na Xunta da Galiza. Neste período prohibiuse a impartición en galego de varias materias no sistema educativo (caso único en Europa), eliminouse practicamente o acceso das crianzas á lectoescritura en galego na rede de escolas infantís, mudouse a lei da función pública para que o funcionariado non teña por que ter coñecemento do galego para atender ás persoas, ou desapareceu a oferta da programación infantil ampla e actualizada na TVG, entre outras moitas medidas contra o galego na administración, na xustiza, no audiovisual e medios de comunicación, ou nas actividades comerciais e económicas.

As consecuencias están á vista. O galego non só descende bruscamente no uso habitual, perdendo a súa condición de lingua máis falada na Galiza, senón que mesmo se descoñece nas franxas de idade máis novas: o 32,4% das nenas e nenos entre 5 e 14 anos non son quen de se expresar en galego. Poden entendela, mais non falalo aínda que queiran, porque non o dominan. Este é o resultado práctico desas políticas. Así, o Consello de Europa ou a propia ONU teñen dirixido advertencias á Xunta de Galiza para mudar a actitude sobre o galego.

Consideramos, por suposto, que esta situación do noso idioma é reversíbel. O galego ten futuro se o compromiso coa normalización do noso idioma é real e asumido por toda a sociedade, comezando polas institucións galegas. O futuro do galego depende da nosa vontade colectiva como galegos e galegas.



É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.
2. O concello revisará a súa actuación en materia lingüística e a adaptará ao previsto legalmente, tendo en conta a súa condición de “lingua propia de Galiza” (Estatuto de Autonomía, artigo 5), e o establecido nos preceptos aprobados por unanimidade das forzas políticas: Lei de Normalización Lingüística (1983), e Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004).
3. O pleno do concello acorda adherirse á Plataforma Queremos Galego, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada. En coherencia con esa decisión. O Concello apoiará activamente as iniciativas sociais promovidas desde esta Plataforma.
4. Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdeG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita moción favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: A enquisa realizada polo IGE sobre o uso da lingua galega amosa que continúa a ter unha presenza social moi relevante e é unha lingua cooficial maioritaria no territorio. 7 de cada 10 persoas comunícanse en galego, o 69,25%. Só o 29,20% manifesta utilizar unicamente o castelán. Os datos avalan a política lingüística da Xunta ao reflectir que o galego é o idioma cos niveis de competencia máis elevados de todas as comunidades autónomas con lingua cooficial. O 99,37% da poboación enténdeo, o 96,35% sábeo ler, o 94,62% sábeo falar, o 84,35% sábeo escribir. Por franxas de idade cómpre destacar que en canto á ensinanza do galego, aprenderon a falar a lingua na escola o 95,74% das persoas entre 5 e 29 anos. Ademais, no tramo que vai dende os 15 ao 29 anos a enquisa reflicte que saben falar moito ou bastante galego o 84,52% dos casos. Só un 16,64% das persoas manifestan saber falar pouco ou nada de galego. O aumento de castelanfalantes recollido na enquisa está directamente influenciado pola chegada de novos galegos. O número de persoas non nadas en Galicia aumentou en 115.000 nos últimos cinco anos. Somos conscientes desta nova realidade política, por iso ofrece a Xunta de Galicia máis de 100 cursos para este colectivo. O galego segue a ser a lingua maioritaria entre as persoas nadas en Galicia. En Galicia a lingua non é un problema. A Xunta, como non pode ser doutro xeito, é a administración máis comprometida coa preservación deste tesouro, por iso fomos os primeiros en propoñer un pacto pola lingua que permita prestixiar o seu uso para o que xa foi convocado ós grupos parlamentarios o 24 de outubro. A exposición catastrofista e os argumentarios que fai o BNG, nós non estamos de acordo. Si estamos de acordo cunha afirmación que se fai no argumentario por parte do BNG que di que “o galego ten futuro”. E isto débese a que a moción realiza afirmacións tales como: “a política lingüística discriminatoria e excluínte aplicada nos últimos quince anos de goberno do Partido Popular na Xunta da Galiza”. Asemade, cómpre deixar moi claro que os galegos e as galegas xa faláron nas urnas e



escolleron o modelo de cordialidade do Partido Popular, fronte a un modelo de confrontación do BNG. Tamén indicar que as normas ás que se fai alusión, a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega, foron aprobados con gobernos do Partido Popular, ambas dúas por unanimidade. Máis o BNG non apoiou ata o último momento, en 2004, o Plan xeral que agora toma como referencia, fíxoo a última hora por presión social. A Xunta celebra a boa disposición amosada polos partidos políticos, percíbese unha actitude positiva e colaborativa dende un punto de vista de partida, sen liñas vermellas. Nós presentamos unha proposta centrada en cinco puntos:

- A renovación do Plan xeral de normalización lingüística coa creación de Comisións de traballo antes de final de ano con persoas de recoñecido prestixio, co obxectivo de consensuar esta actualización nuns 15 meses
- Poñer en marcha 50 medidas inmediatas para impulsar o neofalantismo e aprendizaxe da cultura e idioma entre os nados fóra de Galicia
- Fomentar o uso do galego no eido dixital
- Iniciar unha senda de crecemento do financiamento de políticas de impulso á lingua
- Situar á Corporación da Radio e Televisión Galega como catalizadora da lingua, favorecendo produtos audiovisuais en galego
- Tomar as recomendacións para Galicia da Carta europea das linguas minoritarias como folia de ruta Cremos que xa dende a Xunta de Galicia, por parte do Presidente e do Conselleiro de Cultura que xa están no Parlamento a traballar polo pacto pola lingua promovido, repito, pola Xunta de Galicia actual.

O Sr. Arribe Rodríguez di: A min paréceme unha defensa que non hai por onde collela porque a realidade é que non soamente o di o BNG, non soamente o din os galegofalantes, senón que todos os medios de comunicación e cadeas din que en Galicia xa hai máis persoas que falan castelán que galego.

O Sr. Arribe Rodríguez lee:

El Español: *“El castellano ya es el idioma más hablado en Galicia”*.

O Portal da Lingua Galega: *“A enquisa do Instituto Galego de Estatística pon de manifesto que 7 de cada 10 persoas exprésanse en castelán”*.

Instituto Nacional de Estatística: *“La frecuencia de uso de la lengua gallega cada vez es más pequeña”*.

O Sr. Arribe Rodríguez continúa dicindo: Un montón. Todo o mundo di o mesmo. Tratar de defender que hai unha subida ou un aguante da lingua galega na actualidade é un pouco -sen ningún tipo de expresión tal- ridículo dicir iso porque non hai ningún centro estatístico que estude iso que o avale. Ningún, ningún deles. Había unha expresión preciosa de Manuel María que seguro que coñecemos todos que dicía: “Galicia unha terra, un pobo e unha fala”. E é unha das cousas importantes que temos como pobo que é a nosa fala. E preguntolle á xente que estamos aquí, dos que eu coñezo, Olga ou calquera dos que estamos aquí, do BNG e dos que estade aí: en qué falaban os vosos avós?

A Sra. Iglesias Bereijo di: En galego.

O Sr. Arribe Rodríguez di: En que falaban os vosos pais?

A Sra. Iglesias Bereijo di: En galego.

O Sr. Arribe Rodríguez di: E nós falamos?

A Sra. Iglesias Bereijo di: En galego.

O Sr. Arribe Rodríguez di: E sen embargo, a xente nova non.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Pero tamén terán que ter unha liberdade.



O Sr. Arribe Rodríguez di: Perdón, déixame acabar. Non hai unha carreira, un estudo, unha forma, un sistema de manter. Soamente hai un claro e é impoñelo na escola, unha inmersión lingüística, como ten que haber, que é o que realmente nós defendemos. Eu non quero dicir que outra xente pense doutra forma, pero o que nosoutros cremos é que para que se manteña o galego hai que facer unha inmersión lingüística. Non vou dicir nada máis porque está expresado perfectamente aquí e hai moita xente no país que non é do BNG, que é xente independente, porque hai unha eclosión enorme. Fálase da xente que ven de fóra, claro, a xente que ven de fóra terá que adaptarse aos idiomas que hai, pero hai moita xente que ven de fóra que fala o galego perfectamente e moito mellor que moitos de nós porque é xente que se preocupa e é xente que está aquí. Son xente de fóra, e non son precisamente catedráticos, moitos deles son traballadores normais.

O Sr. Alcalde di: Nós estamos de acordo coa moción. Hai varias frases que quero comentar; dicía a moción e comentaba o portavoz do Partido Popular que “o galego ten futuro”. O problema é que non sei se terá presente, pero si que é verdade que o galego é o noso patrimonio. Antes dicías que os nosos avós falaban galego, que nós falamos galego, pero que os nosos fillos falan castelán. Eu creo que nas propias casas, teño tres fillos, aos tres lles falo en galego e dous me contestan en castelán. Isto é algo que está pasando en todos lados. Eu creo que é algo que se debe traballar. A Xunta de Galicia poderá dar moitas estatísticas, pero está recoñecendo un problema porque cando está a presentar cinco medidas que fomenten a mellora do galego é por algo. Se ese 90 e tantos por cento fose unha realidade ou chegase a selo, non faría falta todo iso. Pero igual no cole moitas veces, e o que se falaba na propia moción. O que hai é que saír ó recreo, o que hai que ver é cando os nenos e as nenas están na rúa, en qué falan e iso é onde debemos traballar. E, por suposto que teñen que traballar as institucións, as administracións que son as que teñen as competencias. Esta é a nosa postura que será apoiar esta moción. Non sei, Xulio, se queres dicir algo máis.

O Sr. Cribeiro García di: Si, nós xa o dicimos. Xosé cree que debe impoñerse na escola, nós cremos que o modelo de cordialidade que existe actualmente é compatible. Eu creo firmemente que o galego ten futuro, pero tamén creo libremente na liberdade de cada un elixir o idioma que fala.

O Sr. Alcalde di: O Concelleiro de Educación pídeme a palabra.

O Sr. López López di: Vou falar eu, con coñecemento de causa, o decreto 79/2010 prohibe dar certas materias en galego. Nós, o que dixo Xosé de impoñer, creo que foi un erro falando, non queremos esa imposición, queremos a liberdade. E se un profe de matemáticas quere dar matemáticas en galego, que poida dalas, como se daban porque eu vivín a época de ese cambio de estudar parte das materias en galego e, de repente, isto en castelán porque non se podía. Entón, eu creo que temos que buscar esa cohesión entre ambas linguas, pero se temos unha lingua que se está perdendo que todos somos conscientes de que se está perdendo porque somos conscientes todos. Cada un poderá dicir que si que non, pero todos somos conscientes de que se está perdendo. Entón, que problema hai en que un mestre queira dar física e química en galego, matemáticas en galego ou se quere dar todas as materias en galego? Hai plans de adaptación de linguas para o alumnado que non coñeza a lingua, hai mil formas de que o alumnado que non coñeza a lingua galega poida adaptarse ás materias. Entón, que problema hai? É que claro hai que falar en castelán porque temos moitos inmigrantes. É o que di Xosé, eu coñezo ingleses –e creo que moitos dos que estamos aquí- que falan galego moito mellor que calquera de nós. Entón, esa idea do Partido Popular de ir acabando pouco a pouco co galego, porque é así e o decreto do pseudo plurilingüismo que sacou Educación, é nefasto e dígoo con coñecemento de causa porque é un decreto que estudo, a día de hoxe, e que calquera profesor preguntáslle e di que é un decreto que debería estar derogado. Non o dicimos nin BNG, nin PSdeG, nin Noel particularmente, nin Lucía particularmente, dicímolo con coñecemento de causa persoas que estudamos esa lei. É que non ten



sentido, é iso unha prohibición, estamos dicindo que hai unha prohibición. As materias de matemáticas, física e química e así, teñen que darse en castelán, punto. E iso non é imposición? Non sei. Cada un que saque as súas conclusións. Eu creo que nese decreto de plurilingüismo 79/2010, volvo a dicilo, pon todo clariño. Non teño nada máis que dicir.

O Sr. Cribeiro García di: Eu non estou de acordo coa túa afirmación de que o Partido Popular e nós, os tres Concelleiros que estamos aquí presentes, esteamos acabando pouco a pouco co galego. Nós, dende Cedeira, dicimos que o galego ten futuro e cremos que ten futuro óptimo e que se está perdendo o galego, Noel, nosoutros con esa afirmación tampouco estamos de acordo.

A Sra. Picos Aneiros di: Eu queroche contestar a iso porque teño un fillo, ten 8 anos agora, el aprendeu a falar moi rápido e na miña casa fálase galego. Entón, el, antes de socializar con iguais, aprendeu a falar galego. E según entrou na escola -el na casa mantén o galego porque xa o falaba, durante os 3 anos que non foi á gardería e non socializou tanto con iguais- pero según entrou, cambiou ó castelán e só fala castelán. De feito, na súa aula hai outro neno que tamén fala galego coa familia, eu entereime máis tarde, e é unha tristeza porque entre eles falan en castelán, pero non hai ningunha crianza galegofalante que o manteña na escola. E temos unha escola que creo que ten unha ratio bastante alta, non sei se son 400...

O Sr. López López di: 476, si, pero galegofalantes...

A Sra. Picos Aneiros di: Hai bastante alumnado, eu diría que non hai. Eu creo que o meu fillo é galegofalante, creo a súa lingua materna é o galego e con todas as persoas que lle falan galego, fala galego, pero con iguais non é capaz porque, ó final, entre iguais hai un aprendizaxe importante e creo que esa é a clave que se non ven dende aí ao final... E eu son unha persoa que son neofalante, aprendín a valorar a lingua precisamente cando estiven moitos anos fóra de aquí e volví a casa e nas comidas familiares era cando eu sentíame na casa, na miña familia. Non sei como explicar é que ademais eu son neofalante total e veu de aí que tiña claro que lle ía falar en galego ao meu fillo. Pero é real que segundo entra na pública, acábase a lingua e ao meu fillo pasoulle. É certo que a súa lingua séguese mantendo, pero creo que entre iguais non, non é capaz.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (4) e do BNG (4), e tres (3) en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

6. DECLARACIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSDG-PSOE E BNG DO CONCELLO DE CEDEIRA

Dáse conta da declaración presentada polos voceiros dos grupos municipais do BNG e PSdeG-PSOE en data 21.10.2024, que dí:

“DIA MUNDIAL DA INFANCIA

UN DÍA PARA AVANZAR NO COMPROMISO PARA QUE OS NENOS, NENAS E ADOLESCENTES VIVAN E PARTICIPEN NUN CONTORNO LIBRE DE VIOLENCIA

DECLARACIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSDG-PSOE E BNG DO CONCELLO DE CEDEIRA

Hoxe, en todo o mundo e en España, os nenos, nenas e adolescentes están a sufrir actos de violencia en todas as etapas da súa infancia e nos seus contornos máis cotiás, e moitas veces a mans de persoas de



confianza ou que teñen o deber de educalos, adestralos, crialos e protexelos. A ameaza é aínda maior para as nenas e as adolescentes, aquelas persoas con algunha discapacidade e quen se atopa en zonas de conflito.

O Consello de Europa estima que 1 de cada 5 nenos e nenas sufrirá abuso sexual antes de cumprir 18 anos. Do mesmo xeito, as estatísticas en España revelan que entre o 83% e o 91% dos nenos, nenas e adolescentes sofren actos de violencia en diversas etapas da súa infancia e en múltiples contornos. Igualmente, o informe sobre o “Impacto da Tecnoloxía na Adolescencia” sinala que 1 de cada 3 rapaces pode estar sendo vítima de acosos escolar. A pesar disto, menos do 10% das situacións de violencia é denunciada e/ou notificada.

O dano que produce a violencia contra a infancia pode afectar ao longo de toda a vida do neno ou a nena, e en varias dimensións, tanto cognitiva, como física ou emocional. Por iso, é fundamental chegar antes de que o dito dano se produza.

O Día Mundial da Infancia 2024 é un **día mundial de acción para, con e polos nenos, nenas e adolescentes**. O día para conmemorar a adopción da Convención sobre os Dereitos do Neno, (CDN) o 20 de novembro, nesta ocasión centrado en promover un compromiso de todos os actores, incluída a infancia, para que nenos, nenas e adolescentes vivan en contornos seguros e protectores libres de violencia. Un chamamento ao que se suma o Concello de Cedeira, xunto con UNICEF España e UNICEF Comité Galicia, xa que todos e todas “Somos Infancia”.

Este 2024, promovemos que o **Día da Infancia** sirva para reivindicar e focalizar accións de protección fronte á violencia cara a prevención, chegando antes que o dano se produza, e involucrando como axentes activos na súa propia protección aos propios, nenos, nenas e adolescentes, porque tal e como eles e elas nos recordan, **#somosinfancia**. Son hoxe, son cidadáns e cidadás de pleno dereito e co dereito a vivir sen violencia.

Os nenos, nenas e adolescentes teñen o dereito a participar, aportando ideas e propostas sobre os temas que lles afectan, colaborando cos adultos na construción de espazos seguros e protectores. A protección fronte á violencia é unha das principais preocupacións que eles teñen actualmente. Por iso, contribúen a solucionar a aportando ideas e propostas desde os espazos de participación a nivel local.

Por isto, para avanzar na prevención da violencia:

1. Para o pleno desenvolvemento da infancia, requírese, entre outros, a realización do Artigo 19 da Convención sobre os Dereitos do Neno. Polo tanto comprometémonos a tomar todas as medidas legislativas, administrativas, sociais e educativas apropiadas para protexer á infancia contra toda forma de prexuízo ou abuso físico ou mental, descoido ou trato negligente, malos tratos ou explotación, incluído o abuso sexual, mentres o neno se atope baixo a custodia dos pais, dun representante legal ou de calquera outra persoa que o teña ao seu cargo.
2. Avanzaremos na posta en marcha a nivel local da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.
3. Como administración máis próxima á infancia e adolescencia, comprometémonos a sensibilizar, formar, establecer espazos comunitarios, involucrar a nenos, nenas e adolescentes, familias e cuidadores e cidadanía en xeral na prevención da violencia.
4. Realizaremos actividades deportivas, culturais, educativas, de lecer e tempo libre, dirixidas á infancia, asegurando contar nelas coas políticas de salvagarda axeitadas.
5. Aseguraremos que os profesionais de servizos sociais, infancia, deportes, educación, saúde, corpos e forzas de seguridade locais, cultura, etc., realizan accións coa infancia, nas cales



- poden detectar posibles casos de risco de violencia e contan coa formación e ferramentas adecuadas para abordar estes posibles casos.
6. Aseguraremos que os nenos, nenas e adolescentes, como axentes de pleno dereito, en función da súa idade e desenvolvemento, reciban información e formación para auto-protexerse e protexer aos seus pares ante posibles casos de violencia e que se lles ten en conta á hora de aportar propostas vinculadas coa prevención da violencia.
 7. Proveremos ás familias, pais, nais e coidadores, ferramentas e apoio en diferentes etapas da crianza, para o exercicio das súas funcións parentais.
 8. Realizaremos campañas dirixidas á nosa poboación local que contribúan a superar a, nalgúns casos, visión social permisiva ante certos tipos de violencias contra a infancia.

Asegurar a consecución dos dereitos de nenos, nenas e adolescentes é unha cuestión colectiva e de obrigado cumprimento. Os desafíos aos que se enfrontan requiren de respostas coordinadas e escaladas, a nivel global, nacional, autonómico e local. Respostas que conten sempre coa súa participación. Por isto, nun Estado como o noso, que ratificou a Convención sobre os Dereitos do Neno en 1990, é fundamental o compromiso e a inversión que fan todas as administracións públicas, no noso caso, os gobernos locais.

Desde a corporación local non somos alleos a esta realidade. Por isto, comprometémonos coa promoción dun maior e máis eficiente investimento na infancia, garantindo que se asignan os recursos necesarios para avanzar na protección da infancia contra todo tipo de violencia, e adoptar modelos de traballo para a prevención da violencia contra a infancia a nivel local, propostos por entidades como UNICEF España.

Con esta declaración manifestamos o compromiso do Concello de Cedeira no marco do Día Mundial da Infancia de 2024”

O Sr. Cribeiro García solicita a palabra e di: A nós parécenos ben esta declaración, o que botamos de menos é que non se nos chamase para esta declaración e non fose unha declaración institucional de todos os grupos políticos do Concello de Cedeira. Botamos de menos que non se nos teña en conta a opinión do noso grupo, sen máis. Pero de todos xeitos, si que nos parece ben este tipo de declaración.

O Sr. Alcalde di: Por parte do grupo de goberno, pásolle a palabra ao Concelleiro de Educación.

O Sr. López López di: Falo un pouco desta declaración; esta declaración vai un pouco da man do día mundial da infancia, pero en xeral coa infancia e a adolescencia. Creo que xa dende fai tempo este Concello traballa a prol dos nenos e nenas. Os orzamentos participativos son a base onde eles participan, dan a súa voz do que necesitan, do que queren, de que poden facer, de incluílos un pouco no día a día do que é o Concello. A maiores, o ano pasado, xa aprobamos o CLIA, que é o Consello Local da Infancia e da Adolescencia, onde eles van a ter cada vez máis voz sobre nós, máis poder, máis control. E, bueno, a prol diso quero comentar, supoño que se fará público porque UNICEF vai preparar unha nota de prensa, porque candidatamos este ano para a cidade da infancia. Este é un traballo complicado, temos que cumprir moitos requisitos, é un proceso no que a candidatura é a dous anos. Temos que candidatarnos e teñen que aceptar a nosa candidatura cumprindo o requisito dun traballo pola infancia e adolescencia para, á seguinte, conseguir ese recoñecemento. Podo dicirvos aquí que aceptáronnos ese recoñecemento, somos “candidatos a”. Entón, este ano seguiremos traballando a prol da infancia e adolescencia, ampliando os lazos con eles, cos centros educativos, que creo que iso nunca nos esquecemos deles. E para o ano poder dicir así, nun Pleno coma hoxe supoñemos, que somos Cidade amiga da infancia, un recoñecemento de UNICEF que pola contorna llo concederon a Viveiro este ano, Moeche xa leva un par de anos e pola zona sur destacan Moaña, O Rosal que candidatou este



ano. En Galicia hai moitos concellos que xa son recoñecidos amigos da infancia. É un distintivo que creo que é favorable á nosa vila. Nada máis.

O Sr. Alcalde di: En relación ao que dixo Xulio, nosoutros, como grupo de goberno, fixemos unha proposta que é unha declaración institucional neste caso a UNICEF con todo o que acaba de explicar moi ben o Concelleiro de Educación. Se vos sumades á aprobación dela é unha aprobación de toda a Corporación municipal. Benvida sexa.

O Sr. Cribeiro García di: Nese caso, si.

O Sr. Alcalde di: Porque ao final isto ven, non é solo dicir que nos ven de UNICEF un documento que hai que aprobalo hoxe, non. Como ben explicou o Concelleiro de Educación, Noel, este é un traballo que se leva facendo durante moito tempo e é tamén deber do grupo de goberno que todo ese traballo que se fixo durante moito tempo se plasme agora neste documento. Como así tamén se da conta de cando se aproba o CLIA, cando se aprobaron os orzamentos participativos, se da conta ó Pleno, se da voz e participación a todo alumnado que participa, neste caso, niso. Eu creo que o voto a favor está claro que xa sería meterse nesta declaración do grupo de goberno.

O Sr. Arribe Rodríguez di: A min paréceme estupendo que vos podades adherir, se é que queredes, a esta declaración porque declararnos como Concello, todos xuntos, é moito mellor que só unha parte. A min gústame esa idea.

A Sra. Secretaria di: Non se pensou para votar porque non hai proposta de acordo.

O Sr. Alcalde di: Facemos como se a proposta fóra dos tres partidos.

O Sr. Cribeiro García di: O que pasa é que no punto pon “declaración dos grupos municipais do PSDG-PSOE e BNG”.

O Sr. Alcalde di: Non, pero poñemos dos tres partidos se se pode modificar.

O Sr. Cribeiro García di: Nós xa dixemos que nos parece ben esta declaración e cremos que así sería unha declaración institucional.

O Sr. Alcalde di: Claro, pero é o que dicía; isto ven dun traballo que se leva facendo, isto non é un documento que nos chega e se aproba así, isto ven porque hai un traballo previo. Pero se queredes que apareza o nome do partido dentro do que é a proposta.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Se estades de acordo con todo isto.

O Sr. Cribeiro García di: Nosoutros estamos de acordo, si.

A Sra. Secretaria di: Queda recollido na acta que o PP súmase á Declaración.

O Sr. Alcalde di: Que se recolla que o PP se suma á Declaración dos grupos municipais, en este caso sería do PSdeG-PSOE, do BNG e do Partido Popular de Cedeira,

O Sr. Arribe Rodríguez di: Paréceme ben.

O Pleno queda enterado.



7. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº DECRETO	ASUNTO
00502/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000033059 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00503/2024	ADXUDICACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2024-25
00504/2024	LEVANTAMIENTO REPARO E APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2024-35
00505/2024	LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/34
00506/2024	RECOÑECEMENTO DO TERCEIRO TRIENIO POLOS SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS ADMINISTRACIÓNS POLA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DONA MARÍA DOLORES TABOADA GÓMEZ, UNA VEZ PRESENTADA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA.
00507/2024	RECOÑECEMENTO DO PRIMEIRO TRIENIO POLOS SERVIZOS PRESTADOS NESTE CONCELLO POLA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DONA MARÍA ISABEL BLANCO LOURIDO.
00508/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2024-36 (GAS NATURAL)
00509/2024	AUTORIZACIÓN DE TRATAMIENTOS FITOSANITARIOS NA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA VILELA A NOME DE AGROENXENERIA GALEGA CB
00510/2024	NÓMINA SETEMBRO 2024
00511/2024	2024/U044/000008 - APERTURA DE GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO
00512/2024	AUTORIZACIÓN DE TRATAMIENTOS FITOSANITARIOS NA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA VILELA
00513/2024	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEG. E SAÚDE DAS OBRAS DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2024-25
00514/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA PARA O PROXECTO - REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE LAVADOIRO DE PENELA E FONTE E LAVADOIRO DO PENEIRO
00515/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9414/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00516/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 12555/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00517/2024	CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O PROXECTO "RESPIRA CEDEIRA:DESCUBRINDO A RIQUEZA DO LITORAL A TRAVES DUN PROGRAMA DE RUTAS TEMATIZADAS". CÓDIGO PE155A-2024-00114
00518/2024	CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O PROXECTO "COIDAMOS CEDEIRA: FOMENTO DA SENSIBILIDADE E INVESTIGACIÓN AMBIENTAL SOBRE A BIODIVERSIDADE DO MEDIO MARIÑO DE CEDEIRA". CÓDIGO PE155A-2024-00109
00519/2024	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE XARDIÑEIRÍA CONSISTENTE EN TRABALLOS DE PODA E REBAIXE DAS ÁRBORES DO PARQUE DO PASEO MARÍTIMO
00520/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000033116 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00521/2024	ARQUIVO DO EXPEDIENTE 2024/X999/000105 DE RECLAMACIÓN DE DANOS OCASIONADOS NUN BEN MUNICIPAL (FAROLA)
00522/2024	SOLICITUDE REALIZADA POR DON JUL DIAZ OTERO PARA DEVOLUCIÓN TAXA CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA
00523/2024	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE SETEMBRO DE 2024
00524/2024	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG E SAÚDE-PROGRAMA DE TRABAJO-XESTIÓN DE RESIDUOS



	DA OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2024-25
00525/2024	CONTRATO DE SERVIZOS PARA IMPLANTAR UN PROXECTO DE REGO INTELIXENTE EN ZONAS AXARDINADAS DA RÚA MARIÑEIRO
00526/2024	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE IMPARTICIÓN DE OBRADOIROS PARA ESCOLARES NO SEO DO PROXECTO GASTROMAR CEDEIRA: PROMOCIÓN DO CONSUMO DO PRODUTO MARIÑEIRO LOCAL. ANUALIDADE 2024. CÓD PE155A-2023-00007
00527/2024	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE IMPARTICIÓN DE SESIÓNS FORMATIVAS DE COCIÑA MARIÑEIRA NO SEO DO PROXECTO GASTROMAR CEDEIRA: PROMOCIÓN DO CONSUMO DO PRODUTO MARIÑEIRO LOCAL. ANUALIDADE 2024. CÓDIGO PE155A-2023-00007
00528/2024	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN NO SEO DO PROXECTO GASTROMAR CEDEIRA: PROMOCIÓN DO CONSUMO DO PRODUTO MARIÑEIRO LOCAL. ANUALIDADE 2024. CÓDIGO PE155A-2023-00007
00529/2024	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EXPOSICIÓNS EXTERIORES NO SEO DO PROXECTO GASTROMAR CEDEIRA: PROMOCIÓN DO CONSUMO DO PRODUTO MARIÑEIRO LOCAL. ANUALIDADE 2024. CÓD PE155A-2023-00007
00530/2024	COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO DE DILIXENCIAS DE INVESTIGACIÓN PREPROCESAL, Nº 0000024/2024
00531/2024	MODELOS AEAT 111 E 303 DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2024
00532/2024	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DESEÑO E GUIADO DE RUTAS PARA O PÚBLICO XERAL NO SEO DO PROXECTO GASTROMAR CEDEIRA: PROMOCIÓN DO CONSUMO DO PRODUTO MARIÑEIRO LOCAL. ANUALIDADE 2024. CÓDIGO PE155A-2023-00007
00533/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 13915/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00534/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 16142/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00535/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000033206 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00536/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2024-37
00537/2024	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEG E SAÚDE DA OBRA DE MELLORA E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA DOS ESPAZOS VERDES DA OFICINA DE TURISMO
00538/2024	EXPEDIENTE: 2024/V008/000002 CAMBIO DE PLACA DE VAO
00539/2024	EXPEDIENTE: 2024/V008/000012 CAMBIO DE PLACA DE VAO
00540/2024	COMUNICACIÓN A DONA RAQUEL PARDO ORJALES DA IMPOSIBILIDADE DA SUA CONTRATACIÓN COMO UXILIAR DE AXUDA NO FOGAR MEDIANTE CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.
00541/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 6787/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00542/2024	DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO DO DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2024
00543/2024	DELEGACIÓN DA ALCALDÍA NA CONCELLEIRA LUCÍA PICOS ANEIROS PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL
00544/2024	DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 11.10.2024
00545/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 13992/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00546/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 13993/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00547/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000033277 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00548/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 14703/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00549/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 14958/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO



00550/2024	APROBACIÓN CERTIF. NÚM. 1 DA OBRA DE REFORMA E CONSERVACIÓN DE EDIFICIO ESCOLAR DE CORREDOIRA
00551/2024	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DONA LIDIA GALDO DÍA COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE DONA ROSANA QUIZA LÁZARO
00552/2024	APROBACIÓN CERTIF. NÚM. 1 E FACTURA DA OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2024-25
00553/2024	ADHESIÓN AL SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA Y DINAMIZACIÓN DE LA PARTICIPACIÓN DE LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS EN EL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA (PRTR)
00554/2024	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE 21 DE OUTUBRO AO 20 DE NOVEMBRO DE 2024
00555/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA PARCIAL CORRESPONDENTE Á PRIMEIRA ANUALIDADE DA SUBVENCIÓN DO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2024-2025, DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
00556/2024	ALTA DA ASOCIACIÓN DE PRODUCTORES DE MADEIRA DE CEDEIRA (PROMACE) NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS. (EXPTE 2024/R004/000003)
00557/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 14737/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00558/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 15015/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00559/2024	DECRETO APROBACIÓN PAGO FACTURA F/2024/2895. TAXA PORTOS DE GALICIA
00560/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000033347 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00561/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA 2024 DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DO 21 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS, DIRIXIDAS A CONCELLOS PARA A CONSTRUCCIÓN, REFORMA, REPARACIÓN, ADECUACIÓN OU MELLORA DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO INVENTARIABLE, PARA OS ANOS 2023 E 2024
00562/2024	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE AUDITORÍA DO SANEAMENTO MUNICIPAL
00563/2024	DECRETO APROBACION PUNTOS DE LUZ ANO 2023 E 2024
00564/2024	CLAVE: DH.D15.99989 ASUNTO: PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE SANCIONADOR CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA EN MATERIA DE DESATENCIÓN A UN REQUIRIMENTO DE AUGAS DE GALICIA
00565/2024	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL PARA AS SESIÓNS ORDINARIAS DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 25.10.2024
00566/2024	2024/U001/000003 - ARQUIVO DO EXPEDIENTE POR DESISTIMENTO
00567/2024	EXP. 2024/U001/000008 - ARQUIVO DO EXPEDIENTE POR DESISTIMENTO
00568/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2024-39
00569/2024	CONCESION AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION) EXPTE TEDEC 2024/S009/000025
00570/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION) EXPTE TEDEC 2024/S009/000026
00571/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA E GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (ALUGUER) EXPTE TEDEC 2024/S009/000027
00572/2024	PERSOAMENTO E SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA QUE A SÚA ASESORÍA XURÍDICA SE FAGA CARGO DA DEFENSA XUDICIAL NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 96/2024
00573/2024	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.A. 96/2024, LAURA CORRAL RUBIN CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
00574/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2024-40
00575/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 17983/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00576/2024	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA DE MELLORA DA



	CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2024-25
00577/2024	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAL DE ILUMINACIÓN PARA O AUDITORIO MUNICIPAL
00578/2024	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAL DE SON PARA O AUDITORIO MUNICIPAL
00579/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION) E GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (ALUGUER E SUBMINISTROS)
00580/2024	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00581/2024	CONCESIÓN DUN ANTICIPO DE DUAS MENSUALIDADES BRUTAS A DONA JOSEFA PIÑON PRIETO
00582/2024	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00583/2024	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F-2024-41 (TAXAS PORTOS GALICIA)
00584/2024	CONTESTACIÓN Á SOLICITUDE PRESENTADA POR D. XULIO CRIBEIRO GARCIA, VOCEIRO DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR, NA DATA 25.10.2024 (REX ENTRADA Nº 3762). EXPTE 2024/X006/000161
00585/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000033431 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00586/2024	NÓMINA OUTUBRO 2024
00587/2024	EXP. Nº 2022/U022/000020 ACEPTACIÓN RENUNCIA PRESENTADA POR D. JOSE RAMÓN PANTÍN RODRÍGUEZ
00588/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION E GASTOS SANITARIOS) EXPTE TEDEC 2024/S009/000028
00589/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS (ROUPA) EXPTE TEDEC 2024/S009/000030
00590/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS (ALIMENTOS) EXPTE TEDEC 2024/S009/000032
00591/2024	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAL DE SON COMPLEMENTARIO PARA O AUDITORIO MUNICIPAL
00592/2024	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MOBILIARIO DE OFICINA PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS
00593/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS (ALIMENTOS) EXPTE TEDEC 2024/S009/000031
00594/2024	DECRETO APROBACIÓN FACTURA F/2024/2954 (AUDITORÍA DO SANEAMENTO MUNICIPAL)
00595/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (ALUGUER) EXPTE TEDEC 2024/S009/000033
00596/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 16150/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00597/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 26 DE DECEMBRO DE 2023 POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS MUNICIPAIS DAS REDES DE SANEAMENTO PARA A DETECCIÓN DE INFILTRACIÓNS, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2024
00598/2024	APROBACIÓN DA AUDITORIA REALIZADA COA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 26 DE DECEMBRO DE 2023 POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS MUNICIPAIS DAS REDES DE SANEAMENTO PARA A DETECCIÓN DE INFILTRACIÓNS, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2024
00599/2024	ARQUIVO DO EXPEDIENTE POR DESISITIMENTO (EXPTE 2019/X999/000037)
00600/2024	RECLAMACIÓN TGSS DÉBEDA POR ACTUALIZACIÓN DAS BASES DE COTIZACIÓN DO PERÍODO 01 2024
00601/2024	ARQUIVO DO EXPEDIENTE POR DESISITIMENTO (EXPTE 2019/X999/000038)
00602/2024	ARQUIVO DO EXPEDIENTE POR DESISITIMENTO (EXPTE 2019/X999/000066)



00603/2024	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE OUTUBRO DE 2024
00604/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000033495 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00605/2024	CONTRATACIÓN DE DONA MARIA DA CONÇEICAO AZEVEDO DA SILVA JAQUES COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR MEDIANTE CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.
00606/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2024/42
00607/2024	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A IMPLANTACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. EXPTE 2024/A006/000019
00608/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 17699/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00609/2024	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 178/2023 DE CONSTRUCCIONES JOSAPI SL CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
00610/2024	NOMEAMENTO DE PERSOAL COLABORADOR DOS TRIBUNAIS PARA TAREFAS ADMINISTRATIVAS NOS PROCESOS SELECTIVOS DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL
00611/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 17250/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00612/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION)
00613/2024	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEG. E SAÚDE DA OBRA "CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA 26"
00614/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA 2024 DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE MAIO DE 2024 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NOS ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS E INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2024
00615/2024	CONCESIÓN DE TARXETA DE ARMAS Nº 3. (EXPEDIENTE 2024/X999/000137)
00616/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000033566 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00617/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2024-43
00618/2024	APROBACIÓN FACTURA F/2024/2951. ARBOREJARDIN S.L.U (FCA. MELLORA PAISAXISTICA NA OFICINA TURISMO)
00619/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTOS) EXPTE TEDEC 2024/S009/000035
00620/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2024-44 (GOODLIFE)
00621/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 16152/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00622/2024	DELEGACIÓN DE FUNCIONS DE ALCALDÍA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE
00623/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2024 PARA GASTOS DE INVESTIMENTOS
00624/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2024 PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO
00625/2024	APROBACION PAGO FACTURA F/2024/3062: IMAXINA GLOBAL (GASTROMAR)
00626/2024	DECRETO APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2024/45 (TAXAS AUGAS GALICIA)
00627/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (VESTIDO MENORES) EXPTE TEDEC 2024/S009/000036
00628/2024	APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABAJO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)
00629/2024	ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS



	MUNICIPAIS NO ANO 2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.: FOPPSS/2025
00630/2024	LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/46
00631/2024	APROBACION PAGO TASACIÓN DE COSTAS NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 61/2023 AO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE FERROL
00632/2024	DISPOSICIÓN DE GASTOS POR ASISTENCIAS A PROCESO NA ANUALIDADE 2024 PARA BOLSA DE TRABAJO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS
00633/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000033639 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00634/2024	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA LIMPEZA DE PRAIAS 2025
00635/2024	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL PEL-CONCELLOS 2025
00636/2024	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA MANTENIMENTO PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO 2025
00637/2024	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 237/2024 DO 09/05/2024 EXPTE TEDEC 2024/S009/000011
00638/2024	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 397/2024 DO 30.07.2024 EXPTE TEDEC 2024/S009/000019
00639/2024	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO PARA O ANO 2025
00640/2024	BAIXA DE VAO PERMANENTE (EXPEDIENTE: 2024/V008/000014)
00641/2024	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ALBANELERÍA NO ESCOLAR DE SISALDE
00642/2024	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE 25 DE NOVEMBRO AO 18 DE DECEMBRO DE 2024
00643/2024	HORAS E GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS REALIZADAS POLOS MEMBROS DA POLICIA LOCAL E POLO PERSOAL ADMINISTRATIVO 2024
00644/2024	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2025
00645/2024	(EXP. 2024/U044/000015) APERTURA DE GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO
00646/2024	DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS POR NON EXECUCIÓN DE OBRAS. FERNANDO DE GÓNGORA GALVÁN (02873675D).
00647/2024	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.O. 178/2023 DE CONSTRUCCIONES JOSAPI SL CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
00648/2024	EXP. 2024/U044/000016 - APERTURA DE GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO
00649/2024	TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA. LIQUIDACIÓN DAS ACHEGAS 2023 E ACHEGA 2024.
00650/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 18331/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00651/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2024/47
00562/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2024/48 (GAS NATURAL)
00653/2024	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 28.11.2024

O Pleno queda enterado.

8. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún.

9. ROGOS E PREGUNTAS



Aberto o turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde di: Como sempre, se podemos empezar por unha parte.

O Sr. Cribeiro García di: Unha pregunta, Sr. Moreda, que opinión lle merece que a representación sindical do Concello de Cedeira mostrara a súa preocupación, en reiteradas ocasións, pola falta de avances na consolidación dos postos de traballo do servizo de axuda a domicilio, servizos sociais, limpeza, mantemento, administrativos, auxiliares administrativos, policía local?

O Sr. Alcalde di: Polos representantes sindicais? Pódesme repetir?

O Sr. Cribeiro García di: Que opinión lle merece que a representación sindical do Concello de Cedeira mostrara a súa preocupación?

O Sr. Alcalde di: Paréceme moi digno, como debe de ser. Calquera que está no Comité de empresa defende ós seus compañeiros e compañeiras de traballo na consolidación dos seus postos.

O Sr. Cribeiro García di: Outra pregunta, Sr. Alcalde, a pregunta é sinxela, vostede cree normal que os traballadores do Concello teñan que levar varios meses cun puntal de obra suxeitando o teito do camiión municipal? Vostede cree normal que esta situación aconteza? Vostede é realmente consciente de que se volve a poñer en perigo a seguridade dos traballadores municipais? Nosoutros cremos que é evidente que prefire mirar cara outro lado en vez de arranxar os problemas e iso con todo. A súa xestión municipal, dende o noso punto de vista, non fai máis que empeorar e o seu socio de goberno é igual de cómplice que vostede por non querer enfrontarse ós problemas. O contrato do lixo caducado dende o 2021.

O Sr. Alcalde di: Imos a ver, estás preguntando por un puntal dun camiión e agora estasmе falando do contrato do lixo. Imos a separar as preguntas. Supoño que as terás programadas, pero non as leas todas xuntas.

O Sr. Cribeiro García di: Vai todo xunto.

O Sr. Alcalde di: Vai todo xunto? O contrato do lixo cos puntais dun camiión?

O Sr. Cribeiro García di: Tampouco podemos...

O Sr. Alcalde di: No, non. Pregunto. Aquí non hai límite de tempo. Non temos presa.

O Sr. Cribeiro García di: Eu si. O contrato do lixo caducado dende o 2021, os documentos que son obriga legal como: a Relación de postos de traballo, o Plan de igualdade e o Rexistro retributivo, paralizados e un senfín de problemas sen solución. Con todos estes temas, a qué espera para poñerse a traballar? A que cheguen as próximas eleccións? Cremos que isto non funciona así. Un rogo.

O Sr. Alcalde di: Non, unha pregunta, contestaríao se quero. Primeiro, o Concello de Cedeira mira sempre polo benestar dos seus traballadores para que se cumpran todas as medidas de seguridade e poño a man no lume por dous dos meus compañeiros que están a aquí, tanto a Concelleira de Medio rural e o Concelleiro de Obras, de que se tivesen coñecemento solucionaríano no minuto un e que tamén os traballadores no momento que hai calquera problema nolo poñen en coñecemento do Concello. As valoracións do populismo da xestión e demais, eu que quere que lle diga? Se a oposición do Partido Popular de Cedeira é esta, se vai seguir sendo esta nos dous anos e medio que van vindo, esta deste último ano e medio, eu asinaríao ante notario porque paréceme totalmente fóra de lugar. Hai



cousas que...aquí propostas ningunha, mocións que se presentan ningunha e rogos e preguntas que se fan sempre repetindo o mesmo. Co cal, eu creo que igual o que hai que facer é pisar un pouco máis a rúa, falar un pouco máis coa xente, ir aos actos, ler o “Cedeira informa” para estar enterado un pouco da política municipal porque realmente eu creo que hai un descoñecemento total. Pero claro, isto supón traballo, a oposición tamén ten que traballar, ao igual que o grupo de goberno, por suposto. Pode seguir.

O Sr. Cribeiro García di: Con respecto a o que acaba de dicir...

O Sr. Alcalde di: No, non, non. Fai rogos e preguntas.

O Sr. Cribeiro García di: Non podo responderlle?

O Sr. Alcalde di: Non. Rogos e preguntas. Vostede foi Alcalde? Vostede sabe perfectamente que non se pode responder. Non sei se o sabe. Igual non o sabe, pero dígollo eu.

O Sr. Cribeiro García di: A flexibilidade que ten vostede non é unha característica.

O Sr. Alcalde di: Non emita xuízos de valor. Os xuízos de valor gárdeos para vostede mesmo.

O Sr. Cribeiro García di: Investir, xestionar e...

O Sr. Alcalde di: É un rogo ou unha pregunta?

O Sr. Cribeiro García di: Un rogo. Investir, xestionar e administrar, sóanlle estes termos, Sr. Moreda?

O Sr. Alcalde di: Iso é unha pregunta.

O Sr. Cribeiro García di: Escoite, deixe acabar. Un pouquiño de paciencia. A vostede estes termos non lle soan. Recórdolle que nosoutros non somos o grupo de goberno, propostas téñenas que traer vostedes, vostedes son os que están gobernando. Pisamos a rúa porque vemos, acábolle de facer a pregunta do camiión que ten un puntal de obra, iso significa que nós pisamos a rúa e o punto limpo – aínda estiven onte no punto limpo-. Nós cremos que nin lle sona, nin sabe realmente o que significan investir, xestionar e administrar, iso non significa que saque un periódico que se chama Cedeira desinforma. Mire, vostede que anunciou como un logro a compra de 125 contedores marróns por un valor de máis de 25.000 euros fai dous anos. O que acabou facendo foi todo o contrario de investir, de xestionar e de administrar. Primeiro, non investiu os cartos porque despois de dous anos ten uns contedores abandonados e apilados como o primeiro día. Non é unha boa inversión, senón que é un gasto. Segundo, non xestionou ben este servizo porque despois de dous anos os contedores non dan ningunha utilidade aos veciños de Cedeira, deste pobo. E terceiro, non administrou ben a situación porque despois de dous anos, o que vostede anunciou a bombo e platillo, acabou víndoselle enriba. Así que si, Sr. Alcalde, os feitos proban que non sabe o que é investir, xestionar e administrar. E polo ben de Cedeira voulle a rogar –sempre me está preguntado se é un rogo ou unha pregunta- rógolle que se poña a practicalos.

O Sr. Alcalde di: Primeiro, corrixirle un par de cousas, o boletín non se llama Cedeira informa nin desinforma. “Cedeira informa” é un sistema de wasap e o boletín chámase “As 7 parroquias”, creo que sabémolo case todos. Sobre o tema da recollida dos biorresiduos que vostede fala, pois si, compramos. Bueno, agradézolle moito que visiten as miñas redes sociais porque debeu ser de aí de onde sacaron a nota e iso que o Facebook xa o teño abandonado. Explicolle un pouquiño por riba para que teña



coñecemento vostede. O Concello de Cedeira adquiriu os contedores marróns e tamén caldeiros de bolsas para a recollida doméstica, para realizar a recollida separativa da fracción orgánica na anualidade 2022. Aproveitando as axudas convocadas pola Consellería de Medio Ambiente e cofinanciadas co Fondo europeo relativo ao mecanismo de cooperación e resiliencia da Unión Europea, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea cos fondos Next Generation. Co cal nos aforramos un diñeiro e non temos que metelo nun novo contrato. Na anualidade 2023 volveuse a solicitar dita axuda –claro, como non teño Facebook non o poidéchedes ver- completouse con material, caldeiros e bolsas adaptadas á súa produción. Hai que instalar estes contedores, cómo se fai? Pois aproveitando a nova colocación de contedores que deriva do novo contrato de recollida e transporte de residuos no que estamos a punto de finalizar e pasar a fiscalización, para o cal se require unha reubicación das posicións dos mesmos, contemplárase tamén a colocación dos contedores de fracción orgánica nese momento. Cómo funciona? Os contedores marróns para biorresiduos instaláranse na zona urbana, sobre todo en vivendas que van ir colocadas en vertical porque non teñen a opción de tratamento de biorresiduos mediante compostaxe doméstica. No rural é máis complicado por iso se traballou tanto durante tantos anos o tema da compostaxe. Xa se realizaron algunhas accións de aproximación e información á veciñanza sobre a separación da quinta fracción de residuos, temos previsto a realización de diferentes campañas de sensibilización, tanto para a veciñanza como para os grandes produtores, os veciños da zona urbana vanse acoller ao voluntariado marrón e comprométese a depositar residuos orgánicos compostables nos colectores específicos instalados para tal fin. Todas aquelas persoas, negocios que desexen participar poden facelo solicitando a súa alta no programa, ben pasando pola Casa do Concello ou a través dun formulario colgado na páxina web do Concello no apartado de “Residuos”. A cada familia participante, tamén aos grandes produtores, entregaráselle un kit de participación que consiste nun caldeiro doméstico ou industrial, bolsas compostables para poder recoller os residuos e unha chave coa que poder acceder ao colector marrón para depositar os mesmos. O motivo de que sexan pechados é para evitar, sobre todo, que se depositen impropios ou calquera podería botar calquer tipo de residuo que estrague a fracción orgánica e a deixe inservible para a compostaxe. É dicir, isto non é comprar contedores e poñelos alí en calquer sitio. A recollida dos residuos orgánicos realizárase a empresa que resulte concesionaria do servizo de recollida e transporte de residuos urbanos e de limpeza da vía de Cedeira, os cales non se teñen que comprar, co cal nos abaratamos ese coste, tal como ven recollido nos pregos de licitación. A frecuencia de recollida será de dous días á semana durante a tempada baixa e catro días á semana durante a tempada alta. O destino de ditos residuos está previsto que se lle de á planta de transferencia de Sogama ubicada en Narón, máis que nada por cercanía. Seguimos con rogos e preguntas, por favor?

O Sr. Cribeiro García di: Si. Os veciños de Cedeira xa coñecen, cunha simple inspección visual...

O Sr. Alcalde di: Unha pregunta só, perdón que o interrompa, é un rogo ou unha pregunta?

O Sr. Cribeiro García di: Unha pregunta.

O Sr. Alcalde di: Cando queira.

O Sr. Cribeiro García di: Os veciños de Cedeira xa coñecen, por unha simple inspección visual, o grado de corrosión externa na Ponte Nova. Hai algún diagnóstico por parte do Concello de Cedeira ou algunha empresa experta neste tipo de situacións nas que nos poidan dicir con claridade a situación actual da Ponte Nova? Existe algún tipo de perigo? Era unha pregunta.

O Sr. Alcalde di: Si, pero non teño por qué contestarlle agora.



O Sr. Cribeiro García di: Vale. Respecto a...

O Sr. Alcalde di: Soamente unha cousiña, que está interrompendo unha das súas compañeiras, explicarlle que -vostede creo que estivo no grupo de goberno ou nun cargo de confianza- cando o Alcalde...

A Sra. Iglesias Bereijo di: Pero eu traballei duro, aínda hoxe me descubren o sombreiro.

O Sr. Alcalde di: O Alcalde daquel momento... Si, está claro.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Que non poden dicilo todos.

O Sr. Alcalde di: Si, si, Olga. Claro, claro.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Exactamente.

O Sr. Alcalde di: Non imos falar...

A Sra. Iglesias Bereijo di: O que gañei, traballeino. Segue.

O Sr. Alcalde di: Non, non, podes seguir ti porque...

A Sra. Iglesias Bereijo di: Non, non, ben sei que me deixas a palabra por idade.

O Sr. Alcalde di: Non, déixoche a palabra por educación.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Bueno, pois por educación tamén cha deixo eu a ti.

O Sr. Alcalde di: Non, é que o que da a palabra son eu e o que non podes é interromperme ti a min. Se queres falar, levantas a man e eu douche a palabra.

A Sra. Iglesias Bereijo di: Caray co oído que tes porque díxeno polo baixo.

O Sr. Alcalde di: Mira, eu creo que unha das cousas que debemos ter no Concello é educación.

A Sra. Iglesias Bereijo di: E eu téñoa.

O Sr. Alcalde di: E eu pediríache que a teñas, un pouquiño de educación.

A Sra. Iglesias Bereijo di: E eu téñoa, a mesma que utilizas ti.

O Sr. Alcalde di: Non. Eu teño unha moi educada. Á pregunta esta, tamén che vou contestar, á pregunta que me formulaches antes. Este é un problema co que levamos xa tempo, sabemos que existe noutros lugares semellantes, non só nesa ponte, e estamos falando con estudos técnicos de asesoramento, neste caso, que nos poidan dicir as solucións. Nós non temos as solucións, a capacidade de goberno sen falar coas persoas adecuadas e cos enxeñeiros.

O Sr. Cribeiro García di: Vale. Agradézolle que me respondera a esta pregunta.



O Sr. Alcalde di: Non che quixen responde antes porque tampouco temos un contrato coa empresa que queremos que nos faga o estudo. Tamén era para non meter a pata.

O Sr. Cribeiro García di: Trece, trece, Sr. Alcalde, trece son as veces que a través dos Plenos, a prensa e as redes sociais –por certo, nós non o seguimos- instámoslle a que se puxera a traballar na mellora do servizo de lixo de Cedeira. Trece veces. E agora, por fin, case con catro anos de retraso anuncia nun medio de comunicación -non nas súas redes sociais como anteriormente dixo- anuncia que están as condicións do novo contrato do lixo. Catro anos de retraso, Sr. Moreda. Catro anos nos que prexudicou a Cedeira pola súa carente capacidade de xestión. Catro anos nos que dende esta Corporación, dende o ano 2023, instámoslle ata en trece ocasións a que Cedeira non podía estar sen o contrato de lixo. Sr. Moreda, vostede, dende o noso punto de vista e dende o noso grupo político creemos que non sabe xestionar, non sabe planificar. Cedeira non merece un Alcalde que tarda catro anos en resolver un problema. E repítooo, Cedeira non merece un Alcalde que tarda catro anos en resolver un problema. É unha irresponsabilidade pola súa parte e nós preguntámonos se realmente se sinte orgulloso da súa xestión, esa é a pregunta.

O Sr. Alcalde di: Por suposto que me sinto moi orgulloso da miña xestión ó fronte do Concello de Cedeira e así o determinan os anos que levo aquí de Alcalde, xunto cos meus compañeiros. Estou moi orgulloso do traballo que fai cada un deles, iso por suposto. Dicitlle que non sei de onde saca vostede o dos catro anos, igual o de sumar e restar non vai con vostede. E se vostede o preguntou trece veces, se vostede preguntou trece veces, multiplíqueo por dez ou por quince as veces que levamos traballado niso porque estamos a falar do contrato máis caro que vai ter o Concello de Cedeira, sobre todo, máis importante dos próximos anos e hai que traballar con moito coidado. Temos unha persoa traballando continuamente niso, niso e en todas as cousas que está a facer o Concello de Cedeira que son moitísimas. Pero bueno, repítooo, é unha boa xestión a que está facendo este goberno porque se de trece Plenos vostede trouxo só esa pregunta, imaxínese o resto de cousas que se fan ben. Máis rogos e preguntas?

O Sr. Cribeiro García di: Este é un rogo cara a vostede, o intentar non valorar a un rival político e con unha afirmación tan simple, tan infantil que vostede di: “sumar, restar non vai con vostede”. Imos a ver, sume e reste vostede desde o ano 21 que caducou o contrato de lixo.

O Sr. Alcalde di: Estamos no 2024, menos 2021, van catro, non, van tres.

O Sr. Cribeiro García di: Pero cando caducaba o contrato? No 2021. Catro anos antes, vostede -nosoutros estámonos referindo a iso- vostede tiña maioría absoluta, catro anos antes vostedes, o seu grupo político, podía licitar un contrato de lixo. Rógolle tamén que di que só fai mal este contrato de lixo e que fai ben o resto. Non se preocupe, nosoutros non lle imos dicir absolutamente nada, nin imos ser claros e dicitlle o que fai mal. O que fai mal xa o sabemos nosoutros e fai mal moitísimas cousas. A xente de Cedeira sabe, a xente da rúa sabe o mal que o fai vostede, pero nosoutros non lle imos abrir os ollos do que fai mal vostede, non é a nosa misión.

O Sr. Alcalde di: Non, a misión da oposición é gobernar. A oposición o que ten que facer é fiscalizar ao grupo de goberno, sempre, con propostas, con críticas que teñen que ser aceptables, con cousas construtivas ou destrutivas ás veces tamén, pero a oposición trátase sempre de construír sobre o que hai e pode ser unha construción con críticas. O que non pode ser é a oposición e vir a un Pleno só para que? É que non o entendo. En calquera administración pública a oposición fai mogollón de propostas, pero mogollón. É o que lle digo, vostede se me leva falando durante un ano e medio do contrato do lixo, no cal se está traballando con moita responsabilidade por parte de todo o grupo de goberno e non fala de nada máis, pois será que o resto está ben, non?



O Sr. Cribeiro García di: Non, dende o noso punto de vista xa lle dicimos agora que non está ben, pero nosoutros non lle imos a dicir, non lle imos abrir os ollos estes tres anos, dous anos que quedan de cara ás eleccións para que vostede rectifique.

O Sr. Alcalde di: Iso chámase os intereses de cada un, hai intereses polo pobo que son os nosos e hai intereses particulares que son os seus. Pero bueno, é o debate da nada, aquí estamos para rogos e preguntas.

O Sr. Cribeiro García di: Vostedes son os que teñen que gobernar, eu téño claro, e son nove. Son vostedes, non nosoutros.

O Sr. Alcalde di: Quenes gobernamos somos nosoutros, pero quenes fan oposición son vostedes.

O Sr. Cribeiro García di: Desgobernan. Nosoutros xa lle digo que non facemos oposición, nosoutros opinamos.

O Sr. Alcalde di: Pois mire, voulle dar un consello, cada 15 días faise unha Comisión de Urbanismo que duran uns tres minutos dos cales veñen dous, cobran 100 euros por dous minutos e medio. Eu creo que algunha vez deberían preguntar algo, é unha suxestión. Non vir só a unha Comisión para non preguntar nada. Aquí tamén se mira, tamén se ve o traballo que se fai. É un consello. Damos por pechada esta sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 21:30 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ